



PREMIOS AFIPRODEL 2013
BOAS PRÁCTICAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

A Coruña, 10 de abril de 2014

O tribunal designado por AFIPRODEL ós efectos de valorar as diferentes candidaturas para optar ós Premios AFIPRODEL 2013, constituído por Da. M^a del Mar Uña Álvarez, Xefa do Servizo de Programas de Cooperación da Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo; Da. Paloma Pérez Gil, Secretaria de FEPRODEL (Federación Nacional de Profesionales de Desarrollo Local) e APRODEL (Asociación de Profesionales para el Desarrollo Local_Madrid); M^a del Rosario Eirín Barrio, Técnica do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica); D. Fernando González Truque, Director da Unidade de promoción e Desenvolvemento da Deputación da Coruña, asesorado por D. Javier López Martínez, Director da Fundación Barrié de la Maza e exercendo como secretaria coordinadora_ Da. Sofia Agrafojo Rey resolve, previa aplicación dos criterios de valoración establecidos nas bases do concurso concede e de acordo as tres diferentes modalidades de proxectos os premios e accésit seguintes:

	PRIMEIROS PREMIOS	ACCÉSIT	
MODALIDADE A	IDEA_AS PONTES PARTICIPACIÓN PÚBLICA DO PXOM.	VIMIANZO DO MAR A TERRA	Nome proxecto
	Concello de As Pontes de García Rodríguez	Concello de Vimianzo	Promotor/a
	A Coruña	A Coruña	Concello Provincia
	Ismael Blanco Rouza	Rosa María Sánchez Martínez	Profesional asesor
	Proxecto exemplarizante sobre como involucrar á sociedade nunha das actividades máis relevantes do desenvolvemento local, a ordenación do territorio. O proceso, que aínda non chegou ao seu termino, apunta avances moi destacables no enfoque metodolóxico e, sobre todo, na implicación do tecido social, enriquecendo os procesos democráticos na toma de decisións no territorio. Alto potencial de transferencia que se ve facilitado por un uso eficiente das TIC. Veiórase a ampla implicación do tecido social, o seu tamén amplo potencial de transferencia e o uso das tecnoloxías de información e comunicación como recursos que facilita o acceso as decisións	Destacar que se trata dunha iniciativa singular de dinamización do sector da restauración do concello a través da posta en valor do patrimonio natural (produtos do mar autóctonos) e intanxible (a tradición gastronómica). O proxecto acredita unha boa implicación dos axentes do territorio e unha boa resolución das accións promocionais. Valorase a potenciación e posta en valor da diversidade de produtos singulares locais, o fomento do consumo local e a economía de proximidade, a implicación do tecido poblacional, o sector pesca o sector hostalería. Promoción do turismo experiencial apoiado na arqueogastronomía.	Valores premiados

PREMIOS AFIPRODEL 2013
BOAS PRÁCTICAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

	PRIMEIROS PREMIOS	ACCÉSIT	
MODALIDADE B	SABOR EMPREENDEDOR APRENDER A EMPRENDER	ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DO LUGAR DE FORNELOS	Nome proxecto
	Centro de Promoción Rural Escolas Familiares Agrarias Fonteboa,	Iniciativa veciñal de A Fonte de Fornelos, Zas	Promotor/a
	Coristanco, A Coruña	A Coruña	Concello
	Constante Lorenzo Santos	Isabel Pose Agra e Jose Antonio Vila García	Provincia
	Boa iniciativa de desenvolvemento das competencias transversais (liderado, traballo en equipo,...) da xuventude que queira emprender no ámbito rural. Supón un salto de calidade no entreno para a empregabilidade e/ou capacidade de emprender ao basear a experiencia nun contexto real (o mercado) procurando poñer en valor produtos autóctonos e diferenciados do territorio. Valóranse os sectores de poboación implicados, os seus obxectivos, a súa metodoloxía e o seu carácter transferible.	Trátase dun bo proxecto de posta en valor dun dos elementos máis singulares do territorio. O máis importante deste proxecto é a mostra de cooperación entre veciños dende o deseño, ata a execución do proxecto, pasando pola busca do financiamento necesario para abordala. Non parece que se buscara xerar un modelo replicable senón como solucionar unha necesidade local dende a propia iniciativa veciñal. Valóranse o esforzo, os obxectivos do proxecto e os sectores poboacionais implicados.	Valores premiados

	PRIMEIROS PREMIOS	ACCÉSIT	
MODALIDADE B	XANELA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	RAPOSO CÁRNICOS	
	Concello de Amoeiro	Concello de Dumbria	
	Ourense	A Coruña	
	Beatriz Álvarez Pérez	Jose Antonio Vila García	
	É unha iniciativa que crea e consolida emprego feminino no medio rural, cunha aposta clara polos servizos de proximidade que facilitan a vida diaria da comunidade, proporcionando alternativas de ocio á xuventude e promovendo o envellecemento activo. Esta iniciativa apoia a conciliación da vida familiar, profesional e persoal na comunidade rural, fomenta o emprego ao colaborar con empresas doutros sectores e favorece a dinamización social. Valóranse a súa metodoloxía, os bos resultados obtidos, as súas perspectivas de futuro e o seu carácter transferible, o que aumentará a súa capacidade de crecemento. Trátase dun proxecto empresarial ben concibido para as capacidades das tres mulleres promotoras que souberon identificar un nicho de mercado local e implicar a seus grupos de interese.	Bo exemplo de retención de valor no territorio a partir da integración vertical de todo o proceso dunha empresa gandeira. Cría, engorde, primeira transformación de produtos e comercialización de ciclo corto, en canal HORECA e en illa. Boa estratexia de mantemento da empresa e mellora da súa rendibilidade, apostando pola calidade, a diversificación de produtos sumándolles valor engadido e a creación de emprego no ámbito local. Trátase dunha iniciativa escalable e que pode alentar a outros produtores a optar por modelos de negocio de maior valor engadido.	



PREMIOS AFIPRODEL 2013 BOAS PRÁCTICAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Os premios AFIPRODEL buscan dar visibilidade, recoñecemento e notoriedade a proxectos e actuacións de desenvolvemento humano local realizados nos territorios de municipios galegos de menos de 20.000 habitantes que poidan servir de exemplo a outras localidades de Galicia e que contén coa participación ou colaboración dun/ha axente de emprego e desenvolvemento local ou asesor/a de emprendemento e empresas.

O tribunal considera ver cumprido o obxectivo de PREMIOS AFIPRODEL 2013 de cara a visibilizar os proxectos "escondidos" nas prácticas cotiáns de desenvolvemento local polo que esta convocatoria ademais de supoñer o recoñecemento das candidaturas premiadas constitúese en plataforma para promover a execución de actuacións innovadoras que coma boas prácticas sexan transferibles a outros ámbitos onde contribúan a súa transformación económica e social de xeito que considera de "mención especial" a tódolos proxectos presentados nesta convocatoria.

PROCESO DE DECISIÓNS

1ª ROLDA:

O primeiro traballo deste tribunal foi analizar esas boas prácticas de desenvolvemento local en Galicia, para elo estudáronse os trinta proxectos candidatos e a primeira decisión ao respecto, e tendo en conta os criterios establecidos de valoración, relativos á singularidade, a innovación, o esforzo, os obxectivos do proxecto, a metodoloxía, o seu carácter exemplarizante e transferible, a concienciación e sensibilización ambiental, os sectores poboacionais implicados e os resultados obtidos, foi de carácter individual de cada un dos membros, motivando as súas decisións persoais.

Detectáronse tamén as seguintes situacións en algunha das candidaturas das que se dou traslado a AFIPRODEL e aos proxectos candidatos para a súa resolución:

- a. Non empregan a ficha de información suxerida nas bases da convocatoria do concurso:
 - Proxecto: O Camiño dos Faros. Solicitase á presentación no documento establecido, neste aparece nova información relativa ao cambio de situación do promotor que implicaría o cambio de modalidade de presentación. Decídese e considérase que a información contida debe ser a relativa ao prazo no que se presentaron os proxectos coma candidatos, polo que permanece na súa modalidade de inicio, a modalidade C, xa que efectivamente, como produto do desenvolvemento e evolución da idea dun grupo promotor privado xurde co tempo unha asociación sen ánimo de lucro.
 - Proxecto: Aldea do Couto. Presentan un documento explicativo que proporciona bastante información da precisada na ficha e acéptase con comunicación a AFIPRODEL e aválase cos datos deste documento.
- b. Obsérvanse proxectos que non mencionan o/a profesional de desenvolvemento local de referencia:
 - Proxecto: Aldea do Couto
 - Proxecto: Camiño dos Faros
 - Proxecto: Porco Celta



PREMIOS AFIPRODEL 2013 BOAS PRÁCTICAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

Esta información que debe constar é unha das condicións para participar. Dende AFIPRODEL contactan cos responsables dos mesmos para que designen o/a profesional correspondente.

c. Proxectos que se presentan por unha modalidade e o tribunal decide cambialos a outra:

Proxecto: Aulas Costa da Morte. Preséntase pola modalidade A, proxectos ou actuacións promovidas ou lideradas por administracións públicas (soas ou en colaboración con outras entidades público-privadas) pero o promotor é unha entidade de investigación vinculada á universidade polo que se decide trasladala da Modalidade A á B, proxectos ou actuacións promovidas por entidades sen finalidade de lucro, institucións académicas e de investigación, asociacións, medios de comunicación, etc.

Proxecto: Aurora dos Camiños, preséntase pola modalidade B (entidades sen finalidade de lucro e centros ensino-investigación) pero o promotor é unha cooperativa de traballo asociado e aínda que sen finalidade de lucro corresponde a emprendedores e empresas que exercen unha actividade económica polo que se decide trasladala a Modalidade C, Proxectos de actividade económica promovido por emprendedores ou empresas.

2ª ROLDA:

Recollidas estas achegas puxéronse en común os diferentes valores acadados por cada proxecto e para a obtención dos primeiros resultados tivéronse en conta as votacións individuais de cada persoa membro do tribunal có apoio á coordinación e asesoramento de Javier López Martínez, e se seleccionaron os tres primeiros proxectos de cada modalidade máis votados polo público (agás o xa gañador) contando coma 1 voto neste proceso.

Co premio do público xa decidido e publicado, considerouse de calidade os votos dos membros do tribunal para dirimir os empates:

A información de partida para obter consenso nesta segunda fase é a seguinte:

MODALIDADE A: Proxectos ou actuacións promovidas ou lideradas por administracións públicas (solas ou en colaboración con outras entidades público-privadas).

PREMIO: Idea_As Pontes Participación Pública do PXOM.

Proxecto candidato con 4 VOTOS: 3 membros do tribunal máis 1 voto do público

ACCÉSIT A: prodúcese un empate nesta modalidade

- Ribadeo birding

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 1 membro do tribunal máis 1 voto do público

- Vimianzo do mar a terra

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 2 membros do tribunal

Acéptase coma premiado co accésit desta modalidade a este último proxecto ao ser votado por máis membros do tribunal.

MODALIDADE B: Proxectos ou actuacións promovidas por entidades sen finalidade de lucro, institucións académicas e de investigación, asociacións, medios de comunicación, etc

PREMIO: prodúcese un empate nesta modalidade



PREMIOS AFIPRODEL 2013 BOAS PRÁCTICAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

- Senior de Xestoso, dinamizadora do rural

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 1 membro do tribunal máis 1 voto do público

- Sabor emprendedor Aprender a emprender

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 2 membros do tribunal

Acéptase coma premiado desta modalidade a este último proxecto ao ser votado por máis membros do tribunal.

ACCÉSIT B: prodúcese un empate nesta modalidade

- Aurora dos camiños

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 1 membro do tribunal máis 1 voto do público

- Acondicionamento e posta en valor do lugar de Fornelos

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 2 membros do tribunal

Acéptase coma premiado desta modalidade a este último proxecto ao ser votado por máis membros del tribunal

MODALIDADE C: Proxectos de actividade económica promovidos por emprendedores ou empresas

- Naturmaz, centro de ocio e aventura

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 1 membro do tribunal máis o apoio do asesor.

- Xanela S. Coop. Galega

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 3 membros do tribunal

- O Camiño dos Faros

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 1 membro do tribunal máis 1 voto do público

Acéptase eliminar como candidato nesta modalidade a este último proxecto ao ser votado por menos membros do tribunal

PORCENTAXE DA VOTACIÓN ACADA DO PÚBLICO

MODALIDADE A	VOTOS	MODALIDADE B	VOTOS	MODALIDADE C	VOTOS
"IDEAS PONTES, PARTICIPACIÓN PÚBLICA NO PXOM"	7%, 387	"TUNED SÉNOR de XESTOSO, DINAMIZADORA DO RURAL"	15%, 755	"CASA DE CARIVEN"	17%, 868
"TRIBADÉO BIRDING"	5%, 236	"AURORA DOS CAMIÑOS"	6%, 312	"O CAMIÑO DOS FAROS"	7%, 375
"SENTIR O CAMIÑO DE FISERRA-MUXIA NO CONCELLO DE DUMBAIÁ"	1%, 32	"POSTA EN VALOR E DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO FARO VILÁN DE CAMARIÑAS"	1%, 69	"XIRUME SO AXUDA NO FOGAR"	15%, 252
"MECAM. NET WEB DE PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN EN LÍÑA DE ENCAIXE DE CAMARIÑAS"	1%, 28	"SABOR EMPRENDEDOR - APRENDER A EMPRENDER"	1%, 49	"ENCAIXES LUCITA"	2%, 105
"FALAME DE SAN SAGURMIÑO"	0%, 23	"AULAS NA COSTA DA MORTE"	1%, 30	"XANELA S COOP GALEGA"	1%, 69
"DO MAR Á TERRA, EN VIMIANZO"	0%, 24	"SABERES E SABORES DA ALDEA"	0%, 15	"MÁS MAR NO BELA MUXIA"	1%, 47
"FISERRA DENDE A NUBE"	0%, 5	"MODELO DE UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO COMBINADO NO MEDIO NATURAL: O PORCO CELTA"	0%, 7	"QUEPASANACOSTA"	1%, 45
		"ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DO LUGAR DE FORNELOS"	0%, 5	"O REFUXIO DOS SENTIMENTOS"	1%, 44
		"ALDEA DO COUTO, ALDEA DO SÉCULO XXI"	2%, 2	"NATURMAZ CENTRO DE OCIO E AVENTURA"	0%, 9

PREMIOS AFIPRODEL 2013

BOAS PRÁCTICAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE GALICIA

				"CARRICOS NAPOSO SC"	04. 7
				"O LUÑO. PATRIMONIO CULTURAL CONVERTIDO EN EMPRESA"	04. 7
				"CTEUCARON S. COOP. GALEGA"	04. 6
				"MESÓN ALBERGUE CASA PEPA"	04. 6

3ª ROLDA:

Realízase outro proceso de toma de decisións motivada ao respecto do empate nos premios na MODALIDADE C: Proxectos de actividade económica promovidos por emprendedores ou empresas

Resultado desta rolda:

- Naturmaz, centro de ocio e aventura

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 1 membro do tribunal máis o apoio do asesor.


- Xanela S. Coop. Galega

Proxecto candidato con 2 VOTOS: 3 membros do tribunal.


Asdo.:




Mª del Mar Uña Álvarez
Membro do Tribunal




Paloma Pérez Gil
Membro do Tribunal




Mª Rosario Eirin Barrio
Membro do Tribunal



Fernando González Truque
Membro do Tribunal



Javier Lopez Martínez
Asesor do tribunal de Premios AFIPRODEL 2013



Sofía Agrafojo Rey
Secretaría coordinadora do tribunal de Premios AFIPRODEL 2013